

Resposta do BNG ás preguntas do Colexio médico de Ourense

1. sobre as condicións de traballo e @s [nov@s](#) especialistas

O BNG propón un cambio na política de recursos humanos do SERGAS, que traballe dende o diálogo coa representación formal [d@s traballador@s](#) considerando as situacións específicas de colectivos determinados. O maior déficit da sanidade galega é de persoal sanitario. Para que as infraestruturas e dispositivos existentes funcionen a pleno rendemento precísase maior estabilidade e a cobertura das prazas precisas. O BNG evitará os contratos en precario e poñerá en marcha a lista de contratación de especialistas acordada por unanimidade no Parlamento Galego nesta lexislatura.

2. sobre orzamentos e infraestruturas

No programa do BNG para estas eleccións galegas 2012 comprometémonos a manter o orzamento de sanidade e limitar por lei o recurso á colaboración público privada así como a revisar a concesión do Hospital de Vigo para traballar no seu rescate para a xestión pública, co motivo de evitar o despilfarro de fondos públicos que supón este contrato considerando os incumprimentos da concesionaria.

O BNG considera que non hai déficit sanitario senón insuficiente financiamento e traballaremos para conseguir fondos adicionais que permitan un financiamento suficiente da sanidade pública galega.

A Area sanitaria de Ourense resultou especialmente prexudicada esta lexislatura pola falta de investimentos para o Plan director e deberá facerse un esforzo para recuperar o nivel de investimentos. O BNG propón realizar un mapa de investimentos imprescindibles para concentrar os recursos nas dotacións de persoal que precisan as infraestruturas existentes en condicións dignas de contratación.

3. gasto farmacéutico

O BNG propón a eliminación do copago farmacéutico de pensionistas, establecendo medidas de racionalización da prescrición e mellora da dispensación que vimos propoñendo xa dende que se debateu a lei do catálogo. Só dende a colaboración de médicas e médicos, o persoal prescriptor, pódese poñer en marcha unha política de redución de gasto farmacéutico que sexa sostible no tempo e que mellore a adherencia ao tratamento sen disuasión económica.

4. crónicos

No programa do BNG fálase do papel de AP na atención aos crónicos, aínda estamos destinando recursos hospitalarios a coidados que se deben prestar dende primaria. O novo modelo de xestión integrada non axuda a resolver este problema, mais ben o agrava e débese modificar. As características da poboación galega fan preciso que a sanidade pública se adapte a este traballo de seguimento das enfermidades crónicas dende a Atención Primaria, para o que deberán reforzarse os recursos médicos e de enfermería da AP, un proceso de racionalización que tamén mellorará a eficiencia da nosa sanidade.

É difícil concretar fórmulas e prazos de implantación de novos sistemas organizativos xa que se farán en diálogo coa representación do persoal.

5. días de libre disposición adicionais

A intención do BNG é recuperar eses días adicionais que supoñen un trato desigual do persoal afectado a respecto do doutras CCAA. É posible que a data de toma de posesión do novo goberno impida que poda facer este ano 2012.

6. bolsas de ineficiencia e profesionais

O BNG sostén que a sanidade pública é sostible e precisa financiamento suficiente. É posible mellorar eficacia e eficiencia. O gasto farmacéutico é un espazo de mellora, unha adecuada priorización de infraestruturas e de dotación tecnolóxica é tamén precisa. Débese traballar na fidelización do persoal sanitario promovendo a adicación exclusiva e recuperando o compromiso de desenvolvemento de carreira profesional que se trincou nesta lexislatura.

7. concertación con centros privados

Débese priorizar a autoconcertación sobre os concertos privados, usando criterios rigorosos e equiparables en todas as áreas sanitarias. Este é claramente un espazo de mellora da eficiencia. É obriga da administración sanitaria ofrecer un marco estable aos centros privados cos que concerta pero débese establecer sobre a demanda que os centros públicos non poden atender co uso do 100% dos seus recursos. A concertación coa privada será sempre subsidiaria da autoconcertación.

8. colexiación universal

Como saben, o BNG defendeu no Parlamento galego a colexiación voluntaria para o persoal que presta os seus servizos de maneira estable para a Administración pública.

9. taxa de reposición e xubilación aos 65

o BNG é contrario á taxa de reposición do 10% para sanidade porque reducirá aínda mais a capacidade da sanidade galega. Débese revisar.

Sobre a xubilación, consideramos que, salvo excepcións contadas, non se pode garantir a continuidade da asistencia promovendo que se adíen as xubilacións mentres médicas e médicos mozos teñen que emigrar ou traballar en precario.